

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 18 DE MAIO DE 2022.**

**PRESIDENTE:**

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

**ASISTENTES:**

D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril  
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle  
D.<sup>a</sup> Marta María Figueroa Fuentes  
D. Carlos Liñares Gestal  
D.<sup>a</sup> Marta María Iglesias Becerra  
D. Abraham Seijas González  
D.<sup>a</sup> Jéssica Méndez Sánchez

**INTERVENTOR ACCIDENTAL:**

D. Roberto Babío Fernández

**SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta minutos do día dezoito de maio do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.<sup>a</sup> Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.<sup>a</sup> Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.<sup>a</sup> Jéssica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión o Sr. interventor accidental, D. Roberto Babío Fernández.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 9 DE MAIO DE 2022.**

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 9 de maio de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 9 de maio de 2022.

**2.- DACIÓNS DE CONTA.**

**2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.**

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

**Publicacións:**

- Resolución do 4 de maio de 2022, do Concello de Culleredo relativa á convocatoria para prover unha praza de Técnico/a de Urbanismo, pertencente á escala de Administración Especial, subescala Técnica, mediante o sistema de oposición, en quenda libre. BOE núm. 114 do 13-05-2022.
- Resolución do 4 de maio de 2022, do Instituto de Estudos do Territorio, pola que se dá publicidade ao esgotamento de crédito da convocatoria efectuada pola Resolución do 20 de decembro de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia, e se establece a súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2022, tramitado como expediente anticipado de gasto (código de procedemento MT402B). DOG núm. 92 do 12-05-2022.

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I01UT</b>	<b>USG/2022/81</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>5A2B 5P3G 1R5V 703H 1ACD</b>	

- Resolución do 3 de maio de 2022, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan catro edicións dun curso da titulación náutica para a licenza de navegación para persoal das agrupacións de voluntarios/as de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 93 do 13-05-2022.
- Anuncio do 11 de maio de 2022, do Concello de Culleredo, relativo á aprobación inicial, por silencio administrativo, do Plan especial de infraestruturas e dotacións nun ámbito de solo rústico do lugar de Rumbo. DOG núm. 95 do 18-05-2022.
- Anuncio do 5 de maio de 2022, do Concello de Culleredo, relativo á aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal número 3, reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU), para a súa adaptación ao Real decreto Lei 26/2021, do 8 de novembro. BOP núm. 89 do 11-05-2022.
- Anuncio do 13 de maio de 2022, da Deputación Provincial da Coruña, relativo á aprobación das bases reguladoras da V edición do Premios do Plan de Emprego Local (PEL-EPR PREMIO). BOP núm. 93 do 18-05-2022.

## **2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.**

2.2.1.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

C.I.F. P-1503100-H

“

**\*SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	Tipo de resolución	Intensidade
9/05/2022	945	Conceder a ***1416** unha ampliación no Servizo municipal de Axuda no fogar .	Dez horas á semana (agás festivos).
9/05/2022	946	Conceder a ***4631** o servizo municipal de axuda a domicilio.	Sete horas á semana (agás festivos), cinco horas para atención de carácter persoal e dúas horas para tarefas domésticas.
9/5/2022	947	Conceder a ***7344** o servizo municipal de axuda no fogar.	Dúas horas á semana (agás festivos), para atención de carácter persoal.
9/05/2022	950	Dar por finalizado o procedemento, pola imposibilidade material de poder continualo por mor do falecemento de ***1957** e declarar concluído o procedemento.	
9/05/2022	951	Dar de baixa no servizo municipal de axuda a domicilio a ***7334**, por suspender o servizo por un tempo superior ao establecido sen que consten as causas que motivan tal	

	ausencia.	
--	-----------	--

**\*\*PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	Tipo de resolución	Obxecto da axuda	Importe
29/04/2022	917	Conceder a ***3558** unha axuda económica.	Pago correspondente aos meses novembro e decembro de 2021, xaneiro e febreiro de 2022 (250€/mes) e parte de marzo de 2022 (158€).	1.158€
9/05/2022	952	Conceder a ***7110** unha axuda económica.	Pago de aluguer correspondente aos meses de decembro de 2021, xaneiro e febreiro de 2022 (300€/mes) e parte de marzo de 2022 (258€).	1.158€
10/05/2022	958	Conceder a ***2950** unha axuda económica	pago de electricidade, correspondente a facturas con data de emisión 31/03/22 (102,63€), 07/03/2022 (104,62€) e 07/03/202 (121,48€)	328,73€
10/05/2022	959	Conceder a ****7699* unha axuda económica.	Pago de aluguer correspondente aos meses de novembro e decembro de 2021 (400€/mes) e parte de xaneiro de 2022 (358€),	1.158€
10/05/2022	961	Conceder a ***3598** unha axuda económica.	pago do recibo de electricidade por importe de 36,61€, correspondente a facturas emitidas en data 04/10/2021 (15,22€), 24/10/2021 (14,16€) e 21/11/2021 (7,23€).	

C.I.F. P-1503100-H

**\*TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de dicembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	Tipo de resolución	Vixencia
29/04/2022	915	Conceder a ***7231** a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade,	10 años
29/04/2022	916	Conceder a ***3895** a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade	10 años
29/04/2022	948	Conceder a ***5645** a tarxeta de estacionamento por razón de	10 anos

		discapacidade.	
10/05/2022	960	Conceder a ***7211** a renovación da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	10 anos
10/05/2022	962	Denegar a ***2980** a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade por non ter recoñecido o Baremo de Mobilidade na Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade..	

<b>**SUBVENCIONES SOLICITADAS:</b>				
<b>Data da resolución</b>	<b>Nº resolución</b>	<b>Tipo de resolución</b>	<b>Importe</b>	<b>ORGANISMO</b>
09/05/2022	953	Aprobar a CONTA XUSTIFICATIVA da subvención recibida para o apoio ao CIM do concello de Culleredo	50.218,70€	Secretaría Xeral de igualdade da Xunta de Galicia

C.I.F. P-1503100-H

2.2.2.- A Sra. Méndez Sánchez dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da concellería delegada de Participación Cidadá, Educación e Medio Rural:

**“ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN**

**Obradoiro de primeiros auxilios en 5º de E.P.**

Desenvolvido polo Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil e a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Culleredo.

Beneficiario: alumnado de 5º de educación primaria dos colexios de Tarrío, Sofía Casanova, Díaz Pardo, Ría do Burgo , Vila de Rutis e A Ponte Pasaxe..

Nº total participantes: 265.

Nº sesións: 1 por aula.

Duración cada sesión: 50 minutos.

Horario: lectivo.

Calendario proposto:

-Data de inicio: 23 de maio.

-Data de fin: 26 de maio.

Lugar: pavillón, aula usos múltiples ou ximnasio do centro escolar.”

2.2.3.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da concellería delegada de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I01UT</b>	<b>USG/2022/81</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5A2B 5P3G 1R5V 703H 1ACD	

### “ACTIVIDADES CULTURAIS

#### **MÉRCORES 18 DE MAIO**

##### **Biblioteca González Garcés do Burgo. 17.00 h:**

Contos para bebés: *A formiga na barriga*, a cargo de Charo Pita.

Nenos/as de 0 a 3 anos.

Recoller as entradas na biblioteca o mesmo día.

#### **XOVES 19 DE MAIO**

##### **Sala de vídeo do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.00 h:**

Presentación do libro *Bailando el agua*, de Xurxo Mares.

Entrada libre.

#### **XOVES 19 DE MAIO**

##### **Biblioteca González Garcés do Burgo. 18.00 h:**

*Little neno descobre...os Beatles*, a cargo de Francisco Javier Vallesenín Montoiro.

Nenos/as de 4 a 12 anos.”

### 3.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H